



Queremos acompañarte neste 2024.

Lugo, a cidade e as súas 54 parroquias, merecen o noso esforzo e dedicación. Xuntos, intentemos que a maxia destas datas perdure sempre.

Bo Nadal e felices festas!

Elena Candia López

Voceira do PP no Concello de Lugo

NOVA COMISARÍA E
OUTRAS PROPOSTAS

A RESIDENCIA: PASADO,
PRESENTE E FUTURO

REUNIÓN
PXOM

CASCO
HISTÓRICO


MELLORAR CONTIGO LUGO



1. Presentación da iniciativa con deputados e senadores
2. Reunión de Elena Candia co Conselleiro de Facenda

O Castiñeiro e Abella: outras opcións

Co obxectivo de que a Comisaría da Policía Nacional quede na zona norte do Concello, tamén valoramos outras alternativas no caso de que se descarte a opción do edificio de Obras Públicas. Nesta liña, pedimos que se estude a viabilidade técnica e urbanística doutras posibles localizacións, coma os barrios do Castiñeiro ou Abella.



A nova comisaría da Policía Nacional: un espazo á altura do que merecemos

Propoñemos que se estude o edificio de Obras Públicas da Ronda da Muralla como unha das alternativas para albergar Comisaría da Policía Nacional porque presenta cinco vantaxes fundamentais:

- A dotación mantense na contorna do Barrio da Residencia.
- Ubicárase a apenas 50 metros da localización actual.
- Permite darlles uso a instalacións hoxe baleiras (o cuarto e o quinto andar nin teñen uso nin hai previsión para eles).
- Pódense destinar alí os fondos que xa estaban reservados para investir na melloras do edificio actual.
- É unha alternativa sostible e moito máis áxil ca unha construción dende cero.


Coa presentación desta iniciativa conseguimos que técnicos do Ministerio de Interior, administración á que lle agradecemos a súa sensibilidade, visiten Lugo para avaliar esta e outras propostas de ubicación. Polo tanto, grazas á nosa proposta, que é un exemplo de política útil, logramos reabrir o debate, puxemos a traballar ás administracións implicadas e evitamos que o proxecto quedase gardado nun caixón de novo.

OUTRAS PROPOSTAS

Plan de actuacións para evitar inundacións en 11 puntos negros e renovación de tubaxes no polígono do Ceao

Pedimos unha intervención na rede de drenaxe que contempla tres eixos: a análise dos puntos máis conflictivos para avaliar se é posible o redeseño das vías afectadas, o estudo dos elementos de drenaxe (tamaños, formas, número de elementos e mesmo tipoloxía) e un mantemento periódico da rede superficial, reforzando o traballo nas zonas críticas e cando haxa previsións meteorolóxicas adversas.

Noutra proposta tamén deste eido, propuxemos unha renovación das tubaxes do polígono do Ceao, xa que tres anos despois do incendio aínda non se cambiou a rede de subministro, como aconsellan os informes técnicos.



Seguridade

Pedimos unha ordenanza de convivencia para gañar tranquilidade, frear a actividade dos gorrillas e autorizar o uso das cámaras de videovixilancia.



Comercio local

Pedimos a creación dun programa de bonos para incentivar a compra nos establecementos físicos da cidade no marco dun plan de acción permanente de apoio ao comercio de proximidade.



Rural

Propoñemos a reconstrución da ponte que une Pedra e Rubiás, xa que a falta deste paso obriga á veciñanza a dar un rodeo de case catro quilómetros.

PASADO, PRESENTE E FUTURO

Máis de **30 millóns de euros** investidos polos **Gobernos de Rueda e Feijóo** neste barrio recentemente

A Residencia do pasado

Queremos recoñecer o esforzo de todas esas persoas anónimas que fixeron barrio e que o mantiveron vivo co paso dos anos. Por iso, organizamos na sede do PP a exposición colectiva 'A Residencia, un barrio con futuro', onde ducias de veciños e veciñas de todas as idades nos están a axudar a construír un gran mural de lembranzas.



A Residencia do presente

O compromiso e a sensibilidade dos gobernos autonómicos do PP vense claramente reflectidos na entrada en funcionamento o mes pasado do Punto de Atención Continuada (PAC) e da base do 061 no novo Centro Integral de Saúde (CIS) do barrio, así como na inauguración a comezos de outubro da nova oficina de emprego.



A Residencia do futuro

O que mantén vivo un barrio é a acción das persoas que o elixen para residir nel ou para instalar os seus proxectos profesionais. A aposta da Xunta pola Residencia, onde inviste máis de 30 millóns de euros, permitirá a posta en marcha de máis servizos no CIS e da futura residencia da terceira idade da Fundación Amancio Ortega.



Promovemos numerosas reunións para explicarlle á veciñanza con luz e taquígrafos os cambios que implica o PXOM

Para que a cidadanía directamente implicada coñecera a fondo estes cambios, programamos diversas xuntanzas explicativas en distintos locais sociais e veciñais, nas que, ademais de expoñermos as particularidades do novo planeamento urbanístico, aclaramos todas as dúbidas que tiñan ao respecto.

A estes encontros cómpre engadir a atención persoal que brindamos na oficina do Grupo Municipal do Partido Popular diante de diversas consultas e tamén outras reunións sectoriais que desenvolvemos con actores estratéxicos para esta materia, coma a Asociación Provincial de Empresarios da Construción (APEC).

A publicación no BOP este 10 de novembro da aprobación definitiva do 5% pendente do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) provoca unha serie de modificacións que afectan a 67 ámbitos distribuídos en 43 parroquias e sete espazos urbanos.



Agradecemento á Xunta polo desbloqueo e a colaboración co Concello

A aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal foi posible grazas á postura dialogante da Xunta de Galicia, que en todo momento antepuxo os intereses dos cidadáns por riba doutros partidistas.

Deste xeito, a administración autonómica fixo posible que en Lugo teñamos por fin dispoñible este documento urbanístico (o máis importante dun Concello) para toda a superficie do municipio.

Bonificación progresiva do IBI nos solos cualificados como áreas de expansión

Preto de 15,5 millóns de metros cadrados están clasificados como solos de área de expansión, o que permitiría a construción de case 5.900 vivendas.

Na maioría dos casos, a edificación require que o Concello desenvolva un Plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural, que pode dilatarse no tempo. Durante este período, pedimos que se bonifique o IBI de xeito temporal e progresivo.

ESTIVEMOS CONTIGO




Na 'pulpada' de San Froilán  



Acto polo Día do Cancro organizado pola AECC  



Na homenaxe á Garda Civil  



Con integrantes de Novas Xeracións  



Nunha das reunións veciñais que realizamos estes meses  



Caracterizados de galegos polo San Froilán  



Con xogadores do Breogán  



Nunha das roldas de prensa destas semanas  



'Selfi' con veciños  



Que **obras coma as do casco histórico** sempre provocan molestias é incuestionable, pero que se pode facer moito máis por evitar que se xeren tamén. Para impedir que se dean tantas molestias fai falta ter **vontade política e moita mellor planificación**, dúas das eivas que apreciamos na execución do centro.

Para corrixir todos os problemas que se están a xerar nesta contorna e para facilitar a convivencia das obras coa vida no casco histórico, pedimos un **pleno extraordinario** no que reclamamos do Concello máis **recursos**, máis **seguridade**, máis **seguimento** das

obras, máis **comunicación** coas persoas veciñas e comerciantes afectadas e **mecanismos de compensación de prexuízos**, entre outras medidas.

Porén, o goberno local amosou novamente a súa **falta de sensibilidade**, xa que, ademais de permitir que esta intervención **se solapase cunha das campañas comerciais máis fortes** do ano (a do Nadal), votou en contra da proposta do Grupo Municipal do Partido Popular, chegando mesmo **a alcaldesa a ridiculizar esta obra comparándoa co cambio dunha bañeira por un prato de ducha**.



LUGO

Contigo Lugo faise grazas ás túas achegas en todas as portas que temos abertas:



Praza Maior, 1



grupomlugo.pp@lugo.gal



618 626 902



@PP Lugo local



@PPConcelloLugo



@ppconcellolugo